

PLAN DE COBERTURA DA ATENCIÓN PRIMARIA NO VERÁN DE 2024.

1. Programa extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos puntos de atención continuada (PAC).

O Servizo Galego de Saúde crea unha bolsa de persoal voluntario dispoñible, en réxime de localización, para promover a cobertura de persoal médico nos PAC. As persoas incluídas nesta listaxe poderán ser chamadas para atender entre 3 e 7 días ao mes as quendas de PAC que necesiten completar cobertura.

O persoal percibirá 230 euros brutos por día en concepto de dispoñibilidade, oscilando entre os 690 e os 1.610 euros brutos mensuais segundo se opte pola dispoñibilidade mínima ou máxima.

As retribucións brutas pola realización efectiva de gardas serán de 266 euros por unha garda de 7 horas; 646 euros por unha garda de 17 horas e 960 euros por unha garda de 24 horas, que se sumarán á contía anterior.

En 2023 implantouse este programa en catro áreas sanitarias e obtivéronse moi bos resultados, polo que este ano 2024 implantarase en tódalas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Esta medida será de aplicación ata o 15 de setembro de 2024.

2. Programa especial de apoio á atención primaria por parte do persoal do 061.

O persoal médico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 poderá participar voluntariamente no programa extraordinario para a cobertura de necesidades nos PACs (listaxes específicas do punto 1).

Aínda no caso de que o/a profesional non participe en ditas listas, poderá colaborar na cobertura de quendas de traballo dos PACs.



3. Oferta de mobilidade temporal a centros que precisen reforzos prioritarios ou teñan especiais necesidades de cobertura.

Ofertaráselle ao persoal a opción de prestar servizos temporalmente nun centro de saúde distinto ao do seu destino, por precisar aquel un reforzo prioritario ou ter especiais necesidades de cobertura (por exemplo concellos con sobrecarga de poboación no verán). Esta sería unha medida voluntaria e temporal.

Esta medida tamén estará dispoñible para o persoal doutras comunidades autónomas que acepten prestar servizos en ditos centros.

4. Encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación.

As xerencias das áreas sanitarias, coa finalidade de garantir a atención sanitaria á cidadanía, poden encomendar ao seu persoal residente en formación da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria / Pediatría e as súas áreas específicas, que se atopen nos últimos catro meses do período formativo, o desempeño de funcións que son desenvolvidas ordinariamente polo persoal especialista e que sexan adicionais e extraordinarias respecto ás prestacións propias do seu plan de formación. Esta medida estará dirixida á prestación de asistencia en centros da área sanitaria que precisen reforzos ou teñan especiais necesidades de cobertura (por exemplo, por unha sobrecarga estacional).

Para realizar esta encomenda contarase co visto e prace da comisión de docencia, que incorporará, de ser o caso, as adaptacións que poidan ser precisas no plan de formación e en materia de supervisión.

O desempeño das funcións adicionais encomendadas será voluntaria para o/a profesional e formalizarase como contido adicional do seu contrato de traballo (addenda).

A encomenda terá por obxecto realizar unha ou varias das seguintes funcións: atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde, prolongacións de xornada, para a cobertura de ausencias, por riba do seu horario ordinario, realización de gardas nos PACs ou servizos de urxencia hospitalaria. As especialidades obxecto da encomenda serán Medicina Familiar e Comunitaria, e Pediatría.